



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
24.03.2021

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

DATA: 24.03.2021

HORA DE COMEZO: 12:10

HORA DE REMATE: 13:50

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Rial, María Gloria
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Couto Cancela, Daniel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Graña Nogueiras, Jesús
Iglesias Bueno, Marta
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Pedrosa Silva, Ernesto
Piñeiro Rivas, Juan Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Santamaría Conde, Juan José
Souto García, Raquel María
Vázquez Reboredo, Ana Isabel
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel
Zunzunegui Garrido, Natalia

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Figueroa Vila, José Manuel
Franco García, José María

NON PARTICIPARON

Barata Quintas, Daniel
Blanco Gómez, César
Casares Mouriño, Francisco Javier
Cebro Rodríguez, Xoán
Garrido Valenzuela, Javier

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O mércores, 24 de marzo de 2021, ás 12:10 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (23.12.2020).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Memoria anual de Responsabilidade Social da UVigo. (Consello de Goberno do 1 de febreiro de 2021). Comparecen a vicerreitora de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación, e o coordinador da Unidade de Análises e Programas da UVigo.
5. Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2022/2023. (Consello de Goberno do 01.02.2021).
6. Aprobación, se procede, da participación da UVigo na Asociación Cluster Biomasa Galicia. (Consello de Goberno do 12.03.2021).

Propostas con informe favorable, informes e acordos da Comisión Económica (sesión do 25 de febreiro de 2021).

7. Liquidación do orzamento provisional da UVigo correspondente a 2020, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Carta de avance de auditoría.
8. Corrección de erros do texto do orzamento da UVigo para o exercicio 2021.
9. Incorporación de remanentes para satisfacer obrigas por un importe total de 1.030.126,51 €.
10. Aprobación definitiva da creación e a participación da UVigo no capital social da empresa "Unmanned Galicia, S.L.". (Consello de Goberno do 27 de xaneiro de 2021).
11. Asignación de retribucións a profesores como complementos correspondentes ás convocatorias de 2018 e 2019, consonte resolución da Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación (CGIACA).
12. Descontos especiais nas tarifas dos cursos de idiomas do Centro de Linguas, para os membros da Comunidade Alumni UVigo.
13. Outros acordos. Avaliación dunha nova auditoría operativa. Control de aplicación das normas sobre o patrimonio da UVigo e sobre a cesión de espazos universitarios.

Propostas con informe favorable e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 19 de febreiro de 2021).

14. Aprobación, se procede, da distribución de axudas da convocatoria de Prácticums 2021.
15. Aprobación, se procede, do apoio ao Observatorio de persoas tituladas da UVigo, en 2021.
16. Aprobación, se procede, da elaboración do Barómetro para analizar as expectativas, comportamentos e competencias que buscan os empregadores para contratar.
17. Aprobación, se procede, do plan de colaboración do Consello Social co Campus de Pontevedra.
18. Outros acordos.
19. Convenios asinados pola UVigo en decembro de 2020 e xaneiro de 2021 (*Comisión Económica do 25.02.2021*), e en febreiro de 2021.
20. Rogos e preguntas.



O Pleno celébrase de xeito telemático, ao igual que todos os convocados en 2020. Para informar sobre asuntos da súa competencia, asisten como convidados a vicerreitora de Responsabilidade Social, Maribel Doval e o coordinador da Unidade de Análises e Programas da UVigo, David Basalo (punto 4); o vicerreitor de Ordenación Académica, Manuel Ramos (punto 5); e o director de Administración, Rodrigo Cerviño (asuntos económicos). O presidente agradécelles a presenza, ao igual que aos conselleiros asistentes.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (23.12.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Lembra Ernesto Pedrosa que se cumpre un ano do primeiro pleno telemático na historia do Consello Social, e que 2021 principia do mesmo xeito, manifestando o desexo de que volvan ser presenciais. Agradece expresamente o compromiso dos 15 conselleiros que participaron en todos os plenos de 2020, "extensible aos que non puideron asistir por absoluta, comprensible e máis que xustificada imposibilidade".

Principia facendo unha referencia á Memoria de responsabilidade social que se presenta nesta sesión, "está a vida da universidade", polo que recomenda a súa lectura. Afirmo o presidente que se trata dun "documento capital, porque pon en cotas máximas os valores e a transparencia da UVigo", e sinala a curiosa circunstancia de que principia e remata as súas páxinas con aportacións do Consello Social. Ernesto Pedrosa reitera a importancia de que a Memoria chegue por primeira vez ao Pleno, ao igual que ocorreu coa presentación do Plan Estratéxico na sesión anterior, do que anuncia que se patrocinará a edición de 500 exemplares impresos consonte un acordo de difusión e visibilización coa Vicerreitoría de Comunicación.

Dá conta de seguido das conclusións do Barómetro da empregabilidade dos alumnos da UVigo dende a perspectiva dos empregadores, un traballo incluído entre a documentación da sesión remitida aos membros e do que tamén recomenda a súa lectura.

Refire outros asuntos de interese como as pautas nas que se basea o ministro de Universidades para afirmar que a reforma da universidade española está en marcha, ou o sorprendente informe que proxecta que a universidade española en 2035 será máis mestiza e máis feminina, e terá medio millón máis de alumnos que hoxe en día (rozará os dous millóns) polo ingreso das cohortes de nados entre 1997 e 2008.

Finalmente comunica a incorporación de Emilio F. Zunzunegui á Comisión Económica, en substitución de Manuel G. Piñeiro; e a designación de Jesús Graña como representante do CS na Comisión de seguimento do Plan estratéxico da UVigo. Remata felicitando a Juan M. Vieites e a César Blanco polos seus respectivos nomeamentos como presidente da Confederación de empresarios de Galicia e como único representante galego na nova Executiva da CEPYME, respectivamente.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa principia sinalando que a UVigo é unha das 12 universidades españolas (das 81 avaliadas) que cumpren todos os mínimos que aparecen no borrador do Real Decreto para ser consideradas como tales, e que está tramitando o Ministerio de Universidades estes días. Outra boa nova que anuncia trata do primeiro posto acadado pola UVigo (compartido con Burgos) na clasificación de transparencia publicado por Dyntra. Agradece e felicita a quen o fixo posible, entre eles ao Consello Social, e pide que se siga traballando en mellorar no posible. Dá conta da crecente evolución do rexistro electrónico que posibilitou a emisión de 22.000 certificados en 2020, e repasa as iniciativas que se están a desenvolver para a captación de estudantes, con especial mención á Comunidade Alumni recentemente posta en marcha, porque será unha canle de comunicación moi importante para manter conectados aos egresados coa universidade; na consecución desta Comunidade agradece o traballo de Luis Espada e Víctor Cacharrón, así como a longa aposta do Consello Social que a fixo posible.

No plano académico, refire o Reitor os atrancos da agrupación estratéxica CITACA (Clúster de investigación e transferencia agroalimentaria do Campus da Auga) e a reformulación e concentración das fortalezas que ten o Campus de Ourense no eido agrícola e alimentario coas do Campus de Lugo, para



acceder ás convocatorias da Xunta. Tamén apunta as xestións co Instituto politécnico de Bragança para crear un centro de investigación no Campus de Ourense, integración do CACTI dentro dun novo espazo no Campus da Auga, unha planta piloto de industria alimentaria e futuras fichaxes de investigadores para potenciar aínda máis os actuais grupos xa dabondo prestixiosos. Outra cuestión abordada polo Reitor refírese á negociación avanzada coa Consellería de Sanidade e a Deputación de Pontevedra para crear unha Facultade de Enfermaría, o que propiciaría que o alumnado destas escolas pase a ser propio; tería un único Grao e sedes nos tres Campus; a previsión e tela creada o ano próximo, comezando con un Mestrado e un Doutoramento.

Manuel Reigosa aclara tamén o alcance da campaña de entrega gratuíta de compresas e tampóns, que tivo un gran impacto nos medios locais e nacionais así como nas redes, atribuíndo a iniciativa á delegación de alumnos de Industriais, que se decidiu apoiar, e precisando que se facilitarán estes produtos a alumnas, docentes, investigadoras e persoal de administración e servizos de forma controlada mediante dispensadores instalados nos aseos dos centros, non de xeito ilimitado e indiscriminado.

Respecto da universidade privada promovida dende Abanca, o Reitor informa do proceso, que ten como próximo paso a entrada da proposta no Parlamento. En caso de ser aprobada, as titulacións someteranse á verificación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, coa intención de que estean todas dispoñibles para o curso 2022-2023. Informa que durante o seu trámite no Consello Económico e Social, que emitiu informe negativo (non vinculante) por detectar carencias que deberán ser emendadas, dende instancias universitarias presentáronse dúas observacións: que non se repitan titulacións xa existentes e que se valore onde se implantarán os títulos. Afirmar que se cumpre a legalidade non terá problemas. Destaca neste punto o Reitor a importancia do documento de apoio a universidade pública aprobado no seu momento polo Pleno do Consello Social e apoiado posteriormente polo Consello de Goberno da UVigo, e que posteriormente serviría de modelo para as outras universidades galegas que o acabaron secundando. Reafirmase en que o documento expresa a posición correcta que debe manter a universidade neste asunto.

Pecha a primeira parte da intervención participando que no tocante á COVID-19, a UVigo segue sen ser lugar de contaxio, con todas as medidas necesarias en marcha (que describe) e funcionando con tranquilidade. E en canto ao Programa de Maiores explica as novidades que rexistra, entre elas que pasa a formar parte da Escola de formación permanente, que ten limitado o seu aforo a 18 alumnos por clase máis o Campus remoto nos tres Campus, que a matrícula baixou a 150 matriculados pero se recuperará no vindeiro curso pasando a 500 ou 600 e que terá un novo programa de catro anos.

A segunda parte do informe do Reitor está integramente dedicada ao transcendente proxecto de trasladar titulacións dende o Campus á cidade de Vigo, unha intención exposta publicamente este mes, con gran repercusión e impacto nos medios. Os obxectivos do goberno universitario son incrementar a presenza na cidade, favorecer e facilitar a captación de alumnos e achegarse máis á sociedade.

Manuel Reigosa manifesta a vontade de que os cambios se fagan “paseniño, sosegadamente”, escoitando e respectando todas as opinións. Advirte que esta acción de ter máis titulacións na cidade xa estaba prevista no Plan Estratéxico recentemente aprobado sen votos en contra, e engade que sería bo para o futuro que algunhas titulacións, sobre todo as que teñen baixa matrícula, se implantasen no centro porque sería “moi positivo” para a universidade e para a cidade, podendo implicarse máis na vida cidadá para que sintan máis súa á universidade, dando máis acceso “aos nosos coñecementos”, intervindo nas actividades educativas, sociais e culturais e gañando visibilidade.

Comparte as consultas xa feitas dentro da UVigo e que se intensificarán, os estudos de viabilidade financeira, económicos e administrativos e as análises de riscos, así como as consultas, reunións e negociacións en marcha coa comunidade universitaria e representantes dos traballadores para coñecer as dispoñibilidades e intereses dos centros e escolas.

Aclara que todos os movementos que se fagan serán por consenso, que o Consello Social e o Consello de Goberno serán determinantes no proceso e que o Campus seguirá a ser “a xoia da Corona”, agardando que os espazos que quedan baleiros poidan atraer a máis centros privados de I+D e de empresas, institutos de investigación e centros singulares, “debemos seguir apostando por que acolla coñecemento e transferencia”. Tamén seguirán no Campus as titulacións que decidan permanecer nel.

Con soporte abundante e preciso de cadros e gráficas, explica a localización dos campus galegos, todos nas cidades ou máis preto delas que o de Vigo, e a posible influencia da distancia física na evolución das matrículas durante os últimos anos, que medran nos Campus de Ourense e Pontevedra e decrecen claramente no de Vigo, interpretando que a súa actual localización desincentiva a captación de alumnos, o



que aínda se agrava máis pola mala conexión cun servizo de transporte do que os propios alumnos levan anos queixándose. Afirma que o seu primeiro pensamento ao chegar a Reitoría foi pedir un transporte público rápido, quizais un metro lixeiro, pero o custe fíxoo inviable.

Presenta outras estatísticas sobre proxeccións de poboación, excedentes de alumnos que non poden estudar en Ourense ou en Pontevedra por falta de prazas, mentres en Vigo a demanda vai máis xusta e unha porcentaxe significativa dos estudantes que chegan non puideron entrar antes noutras titulacións. Cualifica a situación de preocupante e que require actuar.

Convencido da perda de alumnos que comporta a distancia da cidade e as circunstancias disuasorias do transporte, por gastos, tempo e incomodidades, o Reitor sinala outro factor agravante como son as proxeccións sobre poboación e alumnos potenciais no futuro. Considera que para manter o número de alumnos de hoxe hai que buscar alternativas, seguir mellorando e "prepararnos e anticiparnos para traer alumnado, tamén de Iberoamérica, e de fala castelá e portuguesa, e estar na cidade axudará a que cheguen porque ten vantaxes evidentes e veranas cando escollan. Alerta sobre outro risco importante: que a perda de alumnos suporía menos créditos matriculados, e polo tanto menor financiamento estrutural para a UVigo.

Lembra Manuel Reigosa que no seu día votou a favor de que a xente da cidade se moverá ao Campus e que se posibilitara unha verdadeira cidade no recinto universitario do Campus, "pero ano tras ano vese que non é así, e a tendencia é sostida á baixa".

Exposta a situación actual e as agoirentas previsións, o Reitor explica as oportunidades de acollida na cidade para a UVigo cun Campus centro no entorno de Torrecedeira, onde xa ten os dous centros históricos de Industriais e Comercio. A UVigo ten ademais outros tres edificios na cidade e negocia outras posibles e factibles adquisicións de espazos, instalacións e edificios que xa están dispoñibles para impartir docencia, asignación de posibles usos, opcións de preferencia e o estado das conversacións principais con Zona Franca e co Concello, que amosan total receptividade a buscar solucións que faciliten a mobilidade dos estudantes dende as súas residencias.

Remata reiterando que está todo aberto e por decidir, dende as titulacións que se moverán, ata o modelo que se seguirá para adquirir os inmobles, co horizonte de que en catro ou cinco meses se poidan despxer as incógnitas.

Pide a palabra Xosé Manuel Atanes para citar declaracións públicas de tres reitores que foron da UVigo en desacordo co traslado, e para expor varias dúbidas, entre elas sobre o custe dalgúns dos edificios que se están a negociar na cidade, que pasará con espazos que quedan baleiros no Campus, ou se é imposible crear un transporte público axeitado.....

Manuel Reigosa declara: "non imos desmantelar o Campus", e desbota a posibilidade de mellorar o transporte "salvo inversión brutal". Reflexiona sobre a captación de talento que está a facer a UVigo pola súa boa posición, "pero probablemente entre Santiago e Vigo a distancia e o gasto en transporte sexa un elemento de decisión para os alumnos, por enriba de que o profesorado sexa bo". Engade que aínda está todo aberto, e que será a decisión da comunidade universitaria a que marcará o que precisemos e o custe que corresponda. E subliña que a sostibilidade económica da UVigo será sempre unha cuestión "prioritaria", polo que antes de que o Consello de Goberno ou o Consello Social teñan que pronunciarse, "deberemos cuantificar e saber como repercutirán economicamente as previsións que se determinen". Sobre os espazos baleiros sinala que ao CUVI poderáselle sacar partido para temas de I+D, ademais de cambiar algúns usos dentro dos edificios afectados.

O presidente agradécelle ao Reitor a pormenorizada e documentada exposición sobre un tema que cualifica de "transcendental" e que o Consello Social seguirá coa máxima atención.

PUNTO 4

Memoria anual de Responsabilidade Social da UVigo. (Consello de Goberno do 1 de febreiro de 2021). Comparecen a vicerreitora de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación, e o coordinador da Unidade de Análises e Programas da UVigo.

Introduce este punto Ernesto Pedrosa, reiterando o agradecemento á Maribel Doval e a David Basalo por ter aceptado a invitación do Consello Social a presentar a Memoria ante o Pleno. Nas súas respectivas, didácticas e medidas intervencións, o coordinador da Área de Análises e Programas explica o contexto xeral no que se insire o traballo, o marco e as orientacións e criterios cos que se desenvolve, así como a metodoloxía seguida para elaboralo. Subliña o valor e os bos resultados que amosa a transparencia e o recoñecemento acadado pola UVigo neste eido, situándose nas primeiras posición das universidades



españolas segundo os medidores máis acreditados. Agradece a “participación e implicación” do Consello Social, especialmente intensa dende o ano pasado, na consecución dos bos resultados.

A vicerreitora, pola súa banda, aconsella a lectura do documento, co que a institución rende contas do impacto social que xera o seu labor docente, investigador e de transferencia. Na súa comparecencia lembrou algúns dos fitos destacados como a aprobación dos estatutos e a creación do Observatorio de persoas tituladas da UVigo, da Oficina de proxectos internacionais, as salas de lactación nos tres campus, ou outros capítulos salientables como as clasificacións que miden o compromiso coa contorna “con resultados moi positivos”. Na súa exposición compendia as actividades desenvolvidas ao redor da Axenda 2030 e o cumprimento dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), con mención destacada ao Voluntariado, aos proxectos educativos internacionais e aos recursos acadados pola universidade por estas accións. Así mesmo salienta, entre outras iniciativas, avances en Igualdade, diversidade funcional, e o Premio Consello Social_UVigoHumana. Agradece o traballo de quen participaron na Memoria, e o “apoio e colaboración” prestados polo Consello Social.

- ***O Pleno amosa o seu apoio á Memoria.***

PUNTO 5

Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2022/2023. (Consello de Goberno do 01.02.2021).

Explica o vicerreitor de Ordenación Académica que todos os anos por estas datas preséntase o calendario, neste caso para verificación e modificación de títulos que entrarían no curso 2022/2023 para os centros que antes do 7 de maio presenten propostas e elaboren a memoria oportuna. O proceso de tramitación deberá rematar en xullo co informe que corresponda do Consello Social. Aclara Manuel Ramos que basicamente presentaranse modificacións, porque estase a negociar o Mapa de titulacións 2021-26 e polo tanto a posibilidade de novos Graos está pechada e para novos Máster os criterios son especialmente estritos. Como feito destacado revela o beneficio de que, por primeira vez, as tres universidades galegas acordaron as mesmas datas para tramitar as titulacións.

Intervén Elena Añel para expoñer a súa preocupación polo calendario para a implantación do Máster de Aeronáutica, e o risco de que os estudantes que rematan o Grao queden sen Máster por segundo ano consecutivo. Pregunta se os prazos son insuficientes, como se está a publicar nos medios, e que se vai a facer, afirmando que ve falta de compromiso para resolver a situación. Resposta o vicerreitor que, tras o informe dun mediador, que chegou en xaneiro, hai acordo entre os centros de Ourense e A Coruña sobre os contidos e a impartición das ensinanzas, que agora deberán aprobar as escolas para envialo á Xunta e esta terá que remitir a oferta de prazas a Madrid, á Conferencia xeral de política universitaria, antes do 1 de maio. Argumenta Manuel Ramos que foi un proceso moi complexo para acadar un entendemento, pero admite que “estamos no límite” para chegar a outubro de 2021, rematando que “será tarefa de todos intentalo”. Elena Añel agradece a resposta.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da participación da UVigo na Asociación Cluster Biomasa Galicia. (Consello de Goberno do 12.03.2021).

O presidente dá conta da aprobación previa deste punto no Consello de goberno (12 de marzo de 2021), e da competencia do Consello Social ao respecto, ao abeiro do artigo 75.3.n) da Lei 6/2013, do SUG. Remite á documentación da que dispoñen os presentes.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 7

Liquidación do orzamento provisional da UVigo correspondente a 2020, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Carta de avance de auditoría.

O vicerreitor de Economía, José M^a M. Moreno, remítese á normativa que dispón que as universidades deberán confeccionar a liquidación provisional do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte, para que en caso de presentar remanente de tesourería negativo o Consello Social, na primeira



sesión que celebre, proceda a reducir os gastos do novo orzamento na mesma contía que o déficit producido. Informa ao Pleno que cando a Comisión Económica informou favorablemente este punto (25 de febreiro de 2021) faltaba incorporar unha información que chegou posteriormente que mellora de forma importante os datos en positivo presentados daquela. Para acreditar o exposto, presenta os novos datos do remanente total de tesourería e o resultado orzamentario do exercicio , e engade que o auditor non considera preciso modificar o informe da Carta de avance de auditoría por canto non afecta á posición do Consello Social respecto da súa obriga xa que o remanente de tesourería é aínda máis positivo.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 8

Corrección de erros do texto do orzamento da UVigo para o exercicio 2021.

Resume o vicerreitor as incidencias que se presentan e que se están a corrixir, sen que en ningún caso representen incremento nos créditos orzados.

- ***O Pleno ratifica o informe favorable da Comisión.***

PUNTO 9

Incorporación de remanentes para satisfacer obrigas por un importe total de 1.030.126,51 €.

Intervén de novo o vicerreitor de Economía para aclarar a operación de incorporación de remanente dun proxecto dentro da convocatoria Ignicia 2018, e as obrigas de pagamento que se deben dotar tras a adxudicación de dous contratos polo procedemento de urxencia, por importes de 74.516,43€, 706.016,85€ e 249.593,23€.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 10

Aprobación definitiva da creación e a participación da UVigo no capital social da empresa "Unmanned Galicia, S.L.". (Consello de Goberno do 27 de xaneiro de 2021).

Informa o secretario, Ignacio Rodríguez, que no Pleno do 30 de setembro de 2020 informouse favorablemente a creación da empresa, e que agora volta para aprobación definitiva despois de ser aprobada polo Consello de Goberno na sesión que celebrou o 27 de xaneiro de 2021. Engade que, consonte a documentación aportada, a UVigo deberá desembolsar unha cantidade máxima de 150,05€ (estimando unha porcentaxe do 5% no capital).

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 11

Asignación de retribucións a profesores como complementos correspondentes ás convocatorias de 2018 e 2019, consonte resolución da Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación (CGIACA).

A xerente, Raquel Mª Souto, dá conta de que o pasado mes de decembro aprobáronse no Pleno complementos correspondentes as convocatorias de 2018 e 2019, e que os listados que agora se presentan proveñen de resolucións da Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación (CGIACA) en relación a recursos e reclamación que chegaron con posterioridade ao mes de decembro.

Elena Añel pide a palabra neste punto para valorar positivamente o acordo entre sindicatos e universidades para aplicarlle a antigüidade aos contratados pre e post doutorais e abonarlles os trienios, ademais de abordar outros dereitos laborais e retributivos para o PDI con contrato temporal. A representante da CIG, que xa reivindicara este asunto no pleno do CS de abril de 2020, estima a favorable disposición da UVigo para rematar coa "discriminación e a precariedade" do persoal temporal. Resposta a xerente que polo de agora hai acordo respecto dos trienios, sen prexuízo de que poidan acceder posteriormente a outros complementos.

- ***O Pleno aproba as asignacións propostas.***



PUNTO 12

Descontos especiais nas tarifas dos cursos de idiomas do Centro de Linguas, para os membros da Comunidade Alumni UVigo.

Expón Martín Moreno este punto, polo que se propón que os integrantes da recentemente creada Comunidade Alumni-UVigo que dispoñan da acreditación correspondente, e aínda que non pertencen á comunidade universitaria, accedan a un desconto do 10% nas tarifas dos cursos de idiomas que imparte o Centro de Linguas. A presenza deste punto na orde do día xustifícase polo recollido no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do SUG, e tamén polo artigo 75.3.c) ao estar as tarifas no orzamento da UVigo.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 13

Outros acordos. Avaliación dunha nova auditoría operativa. Control de aplicación das normas sobre o patrimonio da UVigo e sobre a cesión de espazos universitarios.

Sobre os dous asuntos recollidos neste punto, dá conta o vicerreitor de Economía de que na secuencia de auditorías que se están a encargar polo Consello Social sobre cuestións importantes para o funcionamento da UVigo, vense de recibir o informe sobre a relación entre as spin-off e a UVigo, no que os auditores inclúen recomendación, suxestións e criterios, atendendo a obxectivos varios, entre eles aproveitar ao máximo o coñecemento que se transmite á sociedade. Engade que o documento será remitido á OTRI e á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para o seu aproveitamento. Ao respecto apunta o secretario que a todos os informes de auditoría fáiselle un seguimento dende o Consello Social para coñecer o grao de aplicación e utilidade final que acadan.

Martín Moreno e Ignacio Rodríguez informan finalmente de que durante 2020, debido á pandemia, non se produciron novas sobre doazóns menores e correntes á UVigo nin tampouco dispensas de pago polo uso de espazos universitarios, se ben tráense os dous puntos ao Pleno para cumprir co control anual do Regulamento do patrimonio da UVigo e coa Normativa de cesión de uso dos espazos universitarios, ámbalas dúas aprobadas nun pleno de xuño de 2017, con competencias claras do Consello Social que se exercen con este control.

- ***O Pleno tense por informado.***

PUNTOS 14, 15, 16 e 17

- *Aprobación, se procede, da distribución de axudas da convocatoria de Prácticums 2021.*
- *Aprobación, se procede, do apoio ao Observatorio de persoas tituladas da UVigo, en 2021.*
- *Aprobación, se procede, da elaboración do Barómetro para analizar as expectativas, comportamentos e competencias que buscan os empregadores para contratar.*
- *Aprobación, se procede, do plan de colaboración do Consello Social co Campus de Pontevedra.*

Explica Ernesto Pedrosa de xeito resumido as propostas co informe favorable da Comisión de Actividades e Servizos que preside, e que se elevan ao Pleno por precisar a súa aprobación dado que as axudas concedidas exceden a competencia delegada na Comisión que ten un límite de 8.000 euros. As tres primeiras iniciativas están na programación habitual do Consello Social e a cuarta (punto 17) abrangue un abano de actividades recollidas nun novidoso plan anual de colaboración e apoio ao Campus de Pontevedra, e que, de obter bos resultados, podería ser estendido aos outros Campus.

- ***O Pleno dá a súa aprobación aos acordos favorables da Comisión.***

PUNTO 18

Outros acordos.

O presidente dá lectura ao resumo de acordos e informes, axudas e patrocinios concedidos pola Comisión no exercicio das súas competencias delegadas, das que debe dar conta ao Pleno na súa totalidade.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 19

Convenios asinados pola UVigo en decembro de 2020 e xaneiro de 2021 (Comisión Económica do 25.02.2021), e en febreiro de 2021.

- ***O Pleno tense por informado.***

PUNTO 20

Rogos e preguntas.

Pide a palabra Juan José Santamaría para anunciar que enviará por escrito unha suxestión a modo de proposta, a partires da importancia da transformación dixital e da Memoria de transparencia, con especial referencia á Igualdade.

Emilio Zunzunegui aledase de que o Consello Económico e Social adoptara parte do Manifesto de apoio á universidade pública aprobado polo Consello Social ao pronunciarse sobre a universidade privada promovida por Abanca; tamén se amosa satisfeito polo acordo retributivo para o PDI con contrato temporal, manifesta os parabéns a J.M. Vieites polo nomeamento como presidente da CEG, e pide que o traslado de titulacións ao centro de Vigo -que cualifica de "proxecto ilusionante"- se faga co máximo coidado, coa maior transparencia e toda a participación posible.

Juan Manuel Vieites agradece as felicitacións recibidas e dá os parabéns ao Reitor pola claridade e os datos aportados durante a súa intervención, e pregúntalle se hai algunha previsión respecto da tendencia decrecente do alumnado, propoñendo finalmente que este tema sexa abordado de xeito periódico en futuros Plenos. Por último, felicita ao Reitor por procurar unha maior presenza da universidade na cidade e polo acerto nas medidas anti-COVID adoptadas.

Remata Manuel Reigosa agradecendo as atención recibidas, pedindo desculpas pola extensión da súa intervención e lamentando non ter comunicado mellor o plan de traslado á cidade, que a enorme repercusións nos medios terxiversou nalgunha medida. Reitera que a perda de alumnado non é preocupante a dez anos vista, pero en adiante será un problema serio ao que hai que empezar a facer fronte da mellor maneira posible e redobrando esforzos de captación, tamén no estranxeiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:50 horas do 24 de marzo de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias